

DETERMINANTE E PRONOMES (1º ESO)**PRESTA ATENCIÓN:**

- Funcionan como **determinantes** aquelas palabras que acompañan a un substantivo determinándoo ou actualizando; concordan con el en xénero e número.
- Funcionan como **pronomes** aquelas palabras que substitúe ao substantivo.

1. ARTIGO

Determinan o substantivo ao que acompañan indicando se a realidade á que se refire é coñecida (determinados) ou non (indeterminados).

Funciona como **determinante**. Aínda que non é habitual, nalgunha ocasión pode funcionar tamén como **pronome** (*As casas son de cores; a branca é a nosa*). **Formas:**

ARTIGO DETERMINADO			ARTIGO INDETERMINADO		
	Masculino	Feminino		Masculino	Feminino
Singular	o	a	Singular	un	unha
Plural	os	as	Plural	uns	unhas

Preposicións	Artigo determinado			
	o	os	a	as
a	ao/ó	aos/ós	á	ás
en	no	nos	na	nas
de	do	dos	da	das
con	co	cos	coa	coas
por	polo	polos	pola	polas

Preposicións	Artigo indeterminado			
	un	uns	unha	unhas
en	nun	nuns	nunha	nunhas
de	dun	duns	dunha	dunhas
con	cun	cuns	cunha	cunhas

2. DEMOSTRATIVO

Indican posición, no espazo ou no tempo, con respecto ao falante. Funcionan como **determinante** (*este coche vermello*) ou como **pronome** (*este coche é vermello, aquel verde*).

As formas **neutras** só funcionan como pronomes (*isto é o que hai*).

Formas:

DEMOSTRATIVOS						
	Proximidade ao falante		Distancia media		Lonxe do falante	
Masculino	este	estes	ese	eses	aquel	aqueles
Feminino	esta	estas	esa	esas	aquela	aquelas
Neutro	isto		iso		aquilo	

Prep.	Demostrativos								
	Masc.	Fem.	Masc.	Fem.	Masc.	Fem.	Neutro		
en	neste	nesta	nese	nesa	naquel	naquela	nisto	niso	naquilo
	nestes	nestas	neses	nesas	naqueles	naquelas			
de	deste	desta	deses	desa	daquel	daquela	disto	diso	daquilo
	destes	destas	desa	desas	daqueles	daquelas			

3. POSESIVOS

Indican propiedade ou pertenza. Funcionan como **determinantes** (o *meu* coche) ou **pronomes** (é o *meu* pai, cal é o *teu*?).

Sempre deben levar diante un artigo; cos nomes de parentesco poden levalo ou non. Exemplo: *Ela é túa irmá* / *Ela é a túa irmá*. **Formas:**

POSESIVOS								
	Un só posuidor				Varios posuidores			
	Masc.	Fem.	Masc.	Fem.	Masc.	Fem.	Masc.	Fem.
1ª persoa	meu	miña	meus	miñas	noso	nosa	nosos	nosas
2ª persoa	teu	túa	teus	túas	voso	vosa	vosos	vosas
3ª persoa	seu	súa	seus	súas	seu	súa	seus	súas

4. INDEFINIDOS

Indican cantidade ou identidade de maneira imprecisa. No seguinte cadro, aparecen bastantes indefinidos, pero existen máis:

Indefinidos que só funcionan como pronomes.	Indefinidos que só funcionan como determinantes.	Indefinidos que poden funcionar como determinantes ou pronomes.	
alguén ninguén algo nada cadaquén	certo, certa, certos, certas	algún(s), algunha(s) ningún(s), ningunha(s) moito(s), moita(s) tanto(s), tanta(s) mesmo(s), mesma(s) abondo(s), abonda(s) demasiado(s), demasiada(s) outro(s), outra(s)	Varios, varias ambos, ambas entrambos, entrambas tal, tales bastante, bastantes máis menos calquera

Os indefinidos **algún** e **outro** contraen coas preposicións: **en** (*nalgún...; noutro...*); **de** (*dalgún...; doutro...*).

5. NUMERAIS

Funcionan como **determinantes** ou **pronomes**.

Poden ser de catro clases:

<p>Cardinais (indican o número ou cantidade exacta de unidades)</p>	<p>cero – un/una – dous/dúas... - dezaseis... - vinte e un/vinte e unha... - corenta – cincuenta – cento un/cento unha – douscentos/duascentas – quiñentos/quiñentas ou cincocentos/cincocentas....</p>
<p>Ordinais (indican posición dun elemento nunha serie ordenada)</p>	<p>primeiro – segundo... cuarto... - sexto – sétimo – oitavo... - undécimo/décimo primeiro – duodécimo/décimo segundo – décimo terceiro... - vixésimo – trixésimo – cuadraxésimo – quincuaxésimo – sesaxésimo – septuaxésimo – octoxésimo – nonaxésimo – centésimo – milésimo – millonésimo...</p>
<p>Multiplicativos (indican o produto exacto dunha multiplicación)</p>	<p>dobre; duplo, dupla – triplo, tripla – cuádruplo, cuádrupla – quíntuplo, quíntupla – séxtuplo, séxtupla – séptuplo, séptupla – óctuplo, óctupla – nónuplo, nónupla – décuplo, décupla – céntuplo, céntupla. *As formas restantes fórmanse mediante o cardinal correspondente seguido da palabra “veces”.</p>
<p>Partitivos (indican a diminución proporcional dunha cantidade, a súa división)</p>	<p>medio(-a) – terzo(-a) – cuarto(-a) – quinto(-a) – sexto(-a) – sétimo(-a) – oitavo(-a) – noveno(-a) – décimo(-a) – onceavo(-a) – doceavo(-a).... - dezaseisavo(-a)... - vinte e unavo(a)....</p>

6. INTERROGATIVOS e EXCLAMATIVOS

Serven para preguntar ou para exclamar e colócanse ao comezo da oración.

As formas **que**, **cal/cales**, **canto/canta/cantos/cantas** funcionan como **determinantes** ou **pronomes**.

A forma **quen** só pode funcionar como **pronome**; é invariable (non existe **quenes*).